

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «CO FIN DE AXILIZAR O PAGAMENTO A PROVEDORES»
Data	21 de outubro de 2021
Duración	Desde as 20:36 ata as 20:44 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^ª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA E A SÚA APROBACIÓN

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Explica o **Sr. Alcalde** que a urxencia da convocatoria ven motiva pala necesidade de tramitar os expedientes relativos ao pagamento aos provedores deste Concello, por mor de que a administración debe de ser dilixente á hora de efectuar os pagamentos dos servizos prestados.

O voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, intervén para dicir que a existencia deste tipo de expedientes deriva da falta de xestión do goberno municipal, xa que estes pagamentos podían haberse tramitado antes sen ter que acudir a unha convocatoria extraordinaria e urxente do Pleno; sen embargo, tendo en conta a natureza e a finalidade dos expedientes incluídos na orde día, o seu grupo se absterá na votación.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación da urxencia desta sesión, sendo aprobada polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, MOVETE e Mixto (BNG), e a abstención do Partido Socialista.

Expediente 4568/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2021 CON PREVIO LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.



Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, explicando que o expediente de crédito extraordinario é unha figura que contempla a Lei para efectuar o pagamento de traballos, subministros ou servizos prestados nun exercicio anterior. Contestando ao dito na votación da urxencia desta sesión polo voceiro socialista, quere aclarar que non se trata dunha mala xestión do grupo de goberno, senón que o motivo é o atraso dos propios provedores na presentación das súas facturas e fóra do exercicio en que se prestaron os servizos, e posterior ao anterior procedemento extraxudicial sometido a un Pleno anterior. Di que o expediente que estamos a tratar importa un total de 45.208,46 € e que levan consigo un informe de Intervención que emite reparos suspensivos á esta proposta, sendo necesario que nesta pleno sexan levantados no nomeado pleno, resolvendo as discrepancias co órgano interventor, así como proceder á aplicación orzamentaria do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2021 e, posteriormente, dar conta á Intervención municipal aos efectos de continuar coa súa tramitación.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen di que no coincide co manifestado polo Concelleiro delegado de Facenda con respecto á mala ou boa xestión do goberno municipal neste asunto, reafirmando que é unha mala xestión porque na Comisión Informativa non souberon dicir se este sería o último expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito neste ano, polo que hai unha carencia de información sobre os servizos ou subministros prestados e facturados, nin os pendentes de facturar do exercicio anterior.

Di estar de acordo en que a entrada das facturas dependen dos propios provedores, sen embargo, se solucionara o problema de capacidade de persoal do departamento de Intervención, poderíase evitar este tipo de expedientes; ademais existe un informe de Intervención emitindo reparos suspensivos, o que se traducen na ausencia total de procedemento administrativo á hora de contratar estes servizos.

Finalmente, tendo en conta que as empresas provedores deste Concello non teñen que sufrir a mala xestión desta administración, o seu grupo non obstaculizará que estas empresas cobren as súas facturas, por tal motivo se absterán na votación dos dous expedientes incluídos nesta orde do día.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para adiantas que o seu grupo se absterán nas votacións dos dous expedientes, por considerar que é unha obviedade que o Concello teña a obriga de pagas aos seus provedores nos prazos establecidos, pero non pode esquecer os reparos formulados pola Intervención e que son os de sempre, polo tanto pide que estes se eviten na medida do posible de xeito que os reparos sexan a excepción e non a norma.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que considera unha mágoa que sempre se teña que estar a falar dos reparos suspensivos da Intervención municipal, pero como os provedores teñen que cobrar se absterá na votación.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto



(BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 05/10/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2021, incoado co obxecto de aprobar o recoñecemento das obrigas e posterior pagamento dunha serie de gastos que ou ben se realizaron en exercicios anteriores, non tramitados por non terse presentado as facturas e xustificantes de gastos nas anualidades correspondentes, ou son gastos que non teñen crédito adecuado e suficiente no ano 2021, segundo se detalla na memoria do concelleiro delegado.

Logo de ver que a falta de crédito adecuado e suficiente constituíu motivo para formular reparo pola Intervención, en virtude do disposto no artigo 217.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Logo de ver que a discrepancia formulada pola Intervención municipal deberá ser resolta polo Pleno da Corporación, con carácter previo á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, tal e como preceptúa o artigo 15 do R. Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:

*“...corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:
a) se baseen na insuficiencia ou na inadecuación de crédito...”*

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 18/10/2021.

Visto o debatido nesta sesión e, segundo as competencias atribuídas pola normativa de aplicación,

Adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Resólvense as discrepancias formuladas pola Intervención municipal e levántanse os reparos formulados, para efectos de proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2021 e ao pagamento das obrigas a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se recollen no Anexo I do expediente 4568/2021, en relación coas facturas respectivas, que constitúen título suficiente que obriga ao Concello ao seu cumprimento.

Segundo.- Procédase á aplicación orzamentaria do recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2021 (*Expte. Gestiona 4568/2021*) unha vez concluído o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 3/R/2021 financiado con cargo ao superávit orzamentario correspondente á liquidación do exercicio 2020 (remanente líquido de tesourería para gastos xerais), logo de ver que se trata de obrigas que forman parte da conta 413, *“Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”*, ou son gastos que non teñen crédito adecuado e suficiente, por un total de 45.208,46 euros.

Terceiro.- Unha vez resolta a discrepancia, o presente acordo deberá comunicarse á Intervención municipal a fin de continuar coa tramitación do expediente.



Expediente 4569/2021. DITAME DA COMISI3N INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO 3 A APROBACI3N DO EXPEDIENTE DE CR3DITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CR3DITO N3 3/R/2021 (MODIFICACI3N ORZAMENTARIA N3 54/2021)

Favorable

Tipo de votaci3n: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstenci3ns: 9, Ausentes: 0

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, explicando que, con obxecto de proceder ao pagamento do recoñecemento extraxudicial tratado e aprobado por maioría no punto anterior, 3 necesario facer unha modificaci3n orzamentaria, neste caso a n3 54/2021 dentro do expediente 3/R/2021, para a concesión de crédito extraordinario e de suplemento de crédito e que será financiado con superávit e remanente líquido de Tesourería e polo importe de 45.208,46 euros.

Non habendo intervenci3ns por ser debatido xa no punto anterior, som3tese o asunto a votaci3n, adopt3ndose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstenci3ns dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 05/10/2021, en relaci3n co asunto que se trata de seguido.

Visto que, incoado o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 3/R/2021 por importe de 45.208,46 euros, financiado mediante superávit - remanente líquido de tesourería, ante a urxente e inaprazable necesidade - segundo se xustifica na memoria- de tramitar a aprobaci3n e pagamento do recoñecemento extraxudicial de crédito n3 2/2021 por igual importe.

Visto que, logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte,

Visto o informe emitido con data 05/10/2021 pola Intervenci3n municipal.

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisi3n Informativa de Facenda e Especial de contas, en sesi3n celebrada o 18/10/2021.

Visto o debatido nesta sesi3n e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril,

Ad3ptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Apr3base o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 3/R/2021 (modificaci3n orzamentaria número 54/2021) financiado con superávit - remanente líquido de tesourería, co seguinte detalle:

Orzamento de gastos:

Aplicaci3ns do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario e suplemento de crédito, co subconcepto 90, por importe total de 45.208,46 euros:

Crédito extraordinario, por 43.937,79 euros:





APLICACIÓNS DESCRICIÓN IMPORTE

160.623.90 Rede sumidoiros. Inv. Novo. Maquinaria e inst. Recoñec. de créditos 25.402,67 €
330.213.90 Cultura. Reparación maquinaria, instalacións. Recoñec. de créditos 70,06 €
330.625.90 Cultura. Inv. Novo. Mobiliario e aparellos. Recoñecemento de créditos 1.078,11 €
340.227.90 Deportes. Trab.outras empresas. Recoñec. de créditos 303,61 €
340.623.90 Deportes. Inv. Novo. Maquinaria e instalac.Recoñec. de créditos 709,04 €
340.625.90 Deportes. Inv. Novo. Mobiliario e aparellos. Recoñec. de créditos 5.338,55 €
340.633.90 Deportes. Inv. Reposición. Maquin. e instalac. Recoñec. de créditos 6.944,80 €
431.2.221.90 Comercio interior. Subministros. Recoñec. de créditos 309,70 €
920.0.227.90 Ad. xeral. Traballos outras empresas. Recoñec. de créditos 3.781,25 €

Suplemento de crédito, por 1.270,67 euros:

APLICACIÓNS DESCRICIÓN IMPORTE

330.226.90 Cultura. Gastos diversos. Recoñec. de créditos 500,00 €
338.226.90 Festexos. Gastos diversos. Recoñec. de créditos 457,68 €
912.233.90 Órganos de goberno. Outras indem. Recoñec. de créditos 216,36 €
920.0.221.90 Ad. xeral. Subministros. Recoñec. de crédito 96,63 €

Orzamento de ingresos:

Concepto de ingresos: 870.00

Recurso financeiro: Remanente líquido de tesourería

Importe: 45.208,46 €

Segundo.- Este expediente de modificación de créditos que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, prazo no que as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito período non se presentaran reclamacións.

Non habendo máis intervencións e asuntos que tratar se levanta a sesión.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 67QT5H269XFCXKAPXFE644TMFJ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7